

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputada María Antón Vilasánchez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea **10/PNC-002001 (26017)**, sobre a inclusión pola Dirección Xeral do patrimonio da variante do Camiño de Santiago Vía da Prata- Camiño do Sueste ou Camiño Mozárabe, que discorre polos barrios ourensáns de Canedo-Beiro, no Programa de rehabilitación de vivendas nos camiños de Santiago. Programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas.

Emenda de modificación

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

"O Parlamento galego insta á Xunta a realizar o estudo histórico previo á delimitación no caso de que tecnicamente sexa posible, incluíndo a variante do Camiño de Santiago Vía da Prata-Camiño do Sueste ou Camiño Mozárabe que discorre polos barrios de Canedo-Beiro, para poder así posteriormente acceder ás axudas do Programa de rehabilitación de vivendas nos Camiños de Santiago dentro do Programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas."

Santiago de Compostela, 18 de Abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 18/04/2018 17:57:18

Maria Antón Vilasánchez na data 18/04/2018 17:57:55